

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A FUNDACION MARIA JOSÉ JOVE, E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO EPIDEMIOLÓXICO OBSERVACIONAL TRANSVERSAL PARA A VALORACIÓN DA PREVALENCIA DE ASMA, RINITE E DERMATITE NA POBOACIÓN INFANTIL DA CIDADE DA CORUÑA E CONCELLOS LIMÍTROFES

A Coruña, 29 de outubro de 2018

REUNIDOS

DUNHA PARTE, D. Jesús Vázquez Almuíña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DOUTRA PARTE, D^a. María Felipa Jove Santos, presidenta da Fundación María José Jove, maior de idade, con _____, con domicilio a estos efectos, na Rúa _____, en nome e representación da Fundación María José Jove (en adiante, a “FMJJ”).

E DOUTRA PARTE, D. Julio E. Abalde Alonso, reitor magnífico da Universidade da Coruña, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na Lei 6/2001 do 21 de decembro (BOE do 24/12/2001), de Universidades e no art. 36.1 f) dos vixentes Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro), en nome e representación da Universidade da Coruña (en adiante, “UDC”).

Todas as partes se recoñecen con capacidade legal suficiente para a subscripción do presente convenio, e a tal fin

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á dita consellería, ten por obxectivo, consonte o disposto no artigo 93.5 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a provisión dos servizos e das prestacións da atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do marco básico de financiamento do Sistema Público de Saúde de Galicia, garantindo os dereitos sanitarios recoñecidos nesa lei. O Servizo Galego de Saúde incorpora, como un dos elementos fundamentais da súa actividade, a investigación e a innovación biomédica. Así, a Estratexia Sergas 2020 establece como unha das súas liñas estratéxicas impulsar a xestión do coñecemento e a investigación, a través de innovacións organizacionais, con liderado en investigación, atracción de financiamento para investigación e aproveitamento de coñecementos particulares para a mellora común do sistema. Ademais, outro dos obxectivos é promover a participación dos profesionais en iniciativas e proxectos de ámbito internacional, polo que o proxecto citado ten pleno encaixe na citada estratexia.

Por outra banda, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece no seu artigo 32 que un dos principios reitores do Sistema Público de Saúde de Galicia é a promoción da investigación básica e clínica no eido das ciencias da saúde, cun carácter traslacional á práctica clínica. Asemade, o artigo 94 f) da citada lei sinala como unha das funcións do Servizo Galego de Saúde a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais.

SEGUNDO. - A Fundación María José Jove é unha institución sen ánimo de lucro constituída na Coruña o 28 de xaneiro do 2003 baixo o Protectorado da Xunta de Galicia e ao amparo da Lei de réxime das fundacións de interese galego e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de interese galego, co número 2003/3.

TERCEIRO.- Os obxectivos da Fundación María José Jove responden a fins de interese xeral, particularmente relacionados coa infancia, coa muller, coa asistencia e integración social, sanitaria e de fortalecemento industrial, e plásmanse nunha serie de actuacións estruturadas en torno a tres grandes áreas de traballo: área educativa, área cultural e área médica.

Dentro desta última área no ano 2003 a Fundación María José Jove, co apoio científico da Universidade da Coruña, promoveu a realización dun estudo epidemiolóxico sobre Asma e Alerxia infantil, seguindo as directrices do *International Study of Asthma and Allergy in Childhood* (Estudio ISAAC), e englobado dentro da fase IIIB deste estudio multicéntrico de ámbito internacional que utiliza unha metodoloxía validada e estandarizada, que permite a comparación entre centros, rexións e países. O estudo realizado no 2003 centrouse na detección dos síntomas en persoas de dous tramos de idade (entre os 6 e os 7 anos e entre 13 e 14 anos), na área metropolitana da Coruña. A unidade de mostraxe foi o colexio, e empregáronse cuestionarios validados dirixidos aos pais ou aos nenos, segundo a metodoloxía ISAAC.

Os datos resultantes do estudo anterior, serviron como primeiro paso para a ampliación posterior nun novo estudo promovido tamén pola FMJJ, en colaboración coa Consellería de Sanidade, as tres universidades galegas (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) e a Sociedade de Pediatría de Galicia, no que se elaborou o Mapa de Prevalencia das Enfermidades Alérxicas Infantís de Galicia.

CUARTO.- O presente convenio responde ao obxectivo de realizar un novo estudo epidemiolóxico multicéntrico a nivel mundial, 15 anos despois da última fase do ISAAC, que actualmente se transformou nunha sorte de observatorio permanente da evolución das enfermidades alérxicas baixo a denominación de GAN (Global Asthma Network), co obxectivo de analizar a evolución da prevalencia da asma, as diferenzas desta evolución en diferentes lugares e grupos de idade, e nos factores asociados a estas, coa participación da Universidade da Coruña, e da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e do Servizo Galego de Saúde como entidades colaboradoras, e coa Fundación como entidade promotora.

QUINTO.- Así, as entidades relacionadas no apartado anterior propóñense colaborar na realización dun Estudo epidemiolóxico observacional transversal (en adiante, o “estudo” ou o “proxecto”) para a valoración da prevalencia de asma, rinite e dermatite, na poboación infantil da cidade da Coruña, e nos concellos limítrofes. A mostraxe e traballo de campo realizarase nos centros escolares da área da Coruña. Para a obtención de datos utilízase unha enquisa, e cómpre obter cuestionarios válidos de nenos/as de idades comprendidas entre os 6-7 anos e os 13-14 anos.

O estudo será elaborado polo doutor D. _____, e a profesora e doutora da UDC, D^a. _____, membro do Grupo de Investigación Cardiovascular (GRINCAR) do IUCS, proximamente integrado no INIBIC, como investigadores principais. Xúntase copia do Protocolo do proxecto de investigación como Anexo.

O Estudo está avalado pola Sociedade de Pediatría de Galicia, ten a avaliación positiva polo Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia, e tamén conta co recoñecemento de interese sanitario.

SEXTO.- Este convenio de colaboración desenvólvese ao amparo do disposto no Convenio Marco de Colaboración asinado entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación María José Jove, de data 10 de xullo de 2006, e non leva gasto para a Consellería.

De igual modo, a firma do presente convenio tampouco leva aparelado gasto algún para a UDC.

SÉTIMO.- Que todas as partes están interesadas na realización do Proxecto, que se levará a cabo nos termos do presente Convenio e segundo o disposto no anexo deste.

OITAVO.- Para garantir a súa adecuación á normativa vixente en materia de ética, de protección de datos e de boa práctica, este proxecto será avaliado polo Comité Autonómico de Ética de Investigación de Galicia.

Por todo isto formalizan o presente convenio, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre as partes asinantes para a realización do estudo de investigación da prevalencia de asma, rinite e dermatite, na poboación infantil da cidade da Coruña e nos concellos limítrofes, nas condicións que se detallan no Protocolo do proxecto de investigación anexo a este convenio.

A mostraxe e traballo de campo realizarase nos centros escolares da área da Coruña e concellos limítrofes.

SEGUNDA.- Compromisos xerais das partes

Cada unha das partes asinantes comprométese a designar ás persoas que conformarán o equipo de investigación responsables do proxecto sobre saúde infantil e enfermidades respiratorias.

TERCEIRA.- Obrigas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde

Correspóndenlle á Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde:

1. Adoptar as decisións e fixar os criterios relativos á parte asistencial do estudo, e as que resulten necesarias para a participación do persoal a que se refire a cláusula segunda.
2. Garantir a confidencialidade e reserva dos datos clínicos ou de saúde, mantendo as medidas de seguridade necesarias.
3. Garantir o mantemento do nivel asistencial.

Asemade, a Consellería de Sanidade, se así fose necesario, fomentará a participación no equipo investigador do proxecto de profesionais do Sistema Público de Saúde de Galicia que desenvolvan a súa actividade profesional en ámbitos ou especialidades relacionadas directamente co obxecto do citado proxecto. En todo caso, dita participación non poderá supoñer unha merma ou detrimento na prestación dos servizos asistenciais por parte daqueles profesionais.

Para tal efecto, e respecto de ditos/as profesionais, o Servizo Galego de Saúde implementará as medidas precisas para levar a efecto dita participación.

CUARTA.- Obrigas da FMJJ

Correspóndelle á FMJJ:

1. Coordinar ao equipo de investigación que dirixirá e executará o Proxecto e asesorará na execución do traballo de campo, nos termos que conveña a FMJJ, a proposta dos investigadores principais do Proxecto.
2. Facerse cargo dos gastos que xere a realización do estudo nos termos do presente acordo, concretándose os mesmos no Protocolo do proxecto de investigación que figura como Anexo.
3. Enviar informe do resultado do estudo ás outras partes asinantes do Convenio.

QUINTA.- Obrigas da UDC

Correspóndelle á UDC:

1. Levar a cabo tódalas tarefas necesarias para o desenvolvemento do Proxecto, nos termos que conveña a FMJJ como Investigadora Principal do Proxecto.

Neste sentido, se antes da finalización do prazo de vixencia do presente Convenio se extingue o vínculo laboral entre a investigadora principal e a UDC, esta obrigase a designar a un novo/a investigador/a por parte do Departamento de Ciencias da Saúde da UDC, que deberá contar co consentimento da FMJJ.

SEXTA.- Condicións xerais de desenvolvemento do proxecto

As actividades necesarias para a execución do proxecto mencionado realizaranse nos seguintes termos:

A coordinación e dirección do proxecto levarase a cabo polos investigadores principais, nos termos que conveña coa Fundación M^a José Jove, contando coa aprobación da Conselleira de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.

SÉTIMA.- Non vinculación laboral

A subscrición do presente convenio non alterará nin afectará ao vínculo preexistente entre os/as profesionais participantes no grupo de investigación e as institucións ás que pertencen, de xeito que a súa intervención non xerará ningún vínculo ou obriga de carácter laboral ou contractual para o resto das partes asinantes.

OITAVA.- Propiedade intelectual e resultados

Ningunha das persoas que poida intervir na execución e desenvolvemento do proxecto poderá facer uso dos seus resultados, nin adquirir en forma algunha calquera dereito de propiedade intelectual, que corresponderá á promotora do proxecto, a Fundación M^a José Jove.

No obstante o anterior, se algunha das outras partes estivese interesada en poder facer uso dos resultados obtidos, poderán facelo, previa autorización da FMJJ, e sempre e cando acrediten o uso que van a darlle a ditos resultados.

A FMJJ figurará como entidade promotora, e a UDC e a Consellería de Sanidade/ Servizo Galego de Saúde figurarán como entidades colaboradoras en toda difusión, publicidade ou publicación de resultados que xere o proxecto obxecto deste Convenio.

NOVENA.- Protección de datos e confidencialidade

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso, especialmente no que atinxe ao consentimento dos pais/titores das persoas menores de idade que participen no estudo. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións entre as partes.

En todo caso, garantirase en todo momento a confidencialidade dos datos clínicos dos/das pacientes, e manteranse en todo momento as medidas de seguridade e consentimento para os accesos.

DÉCIMA.- Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio, e que estará integrada por:

- FMJJ: D^a. _____, ou persoa que designe.
- UDC: D^a. _____.
- Consellería de Sanidade/SERGAS: Don _____.

En todo o non previsto neste convenio sobre a execución do proxecto decidirse pola comisión mixta.

O presente convenio ten natureza administrativa e calquera cuestión que se suscite sobre a interpretación, aplicación e efectos do mesmo, e non poida ser resolta no seo da comisión, serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Causas de resolución do convenio

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo de todas as partes asinantes do convenio.
- c) A denuncia por calquera das partes do presente convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do mesmo sen terse acordado a súa prórroga.
- e) A decisión xudicial declaratoria da súa nulidade.
- f) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista noutras leis que resulten de aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día 29 de outubro de 2018 e estará vixente ata o 15 de outubro de 2019, salvo prórroga acordada por escrito entre as partes e nos termos que nela se acorden, consonte cos límites sinalados no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. A falta de prórroga, entenderase extinguido de modo automático e de pleno dereito polo transcurso do prazo indicado, sen necesidade de comunicación algunha entre as partes.

DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza e xurisdición

O presente convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que poidan xurdir acerca da súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes no seo da comisión de seguimento. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que podan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

DÉCIMO CUARTA.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica, para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a Consellería de Sanidade e/ou o Servizo Galego de Saúde darán publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio en exemplar cuaduplicado no lugar e data indicado ao comezo

**Pola Consellería de
Sanidade e o
Servizo Galego de
Saúde**

**Pola Fundación María
José Jove**

**Pola Universidade da
Coruña**

Asdo.: D. Jesús
Vázquez Almuíña

Asdo.: D^a. M^a Felipa
Jove Santos

Asdo.: D. Julio E.
Abalde Alonso